

VIEIROS

Cartafol


Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xavier Alcalá: Nas catacumbas

Crónica da longa noite do franquismo

Nas catacumbas

Xavier Alcalá

Galaxia, Vigo, 2005. 420 páxs., 21 

Xavier Alcalá presenta agora a segunda novela da triloxía que dedica á historia do desenvolvemento da igrexa evanxélica (coloquialmente protestantes) en Galicia. Se no primeiro volume da triloxía, *Entre fronteiras*, nos achegaba aos tempos do remate da monarquía de Alfonso XIII, da II República e da Guerra Civil, agora céntrase fundamentalmente na década dos corenta. A novela non é só a historia da persecución do disidente relixioso na España de Franco dos anos corenta, senón tamén a historia da persecución de calquera disidencia na longa noite de pedra do franquismo. Boa vacina contra nostalxias parvas ou libros coma os de César Vidal, Pío Moa e tantos outros pseudouhistoriadores, que nos queren facer ver o boño que foi o "salvador" Franco.

- 21:18 25/09/2005

Fronte ao ritmo rápido da primeira novela da triloxía, este segundo volume presenta un ritmo lento: reitéranse as persecucións, as represalias dos franquistas, xa non só contra os que non profesan a relixión católica, senón contra calquera que amose calquera disidencia ou diferenza, por pequenas que sexan. Son moitas veces persecucións cativas como aconsellar que non se merque nada nunha determinada tenda dun disidente, negarlle o saúdo na rúa, cambiarse de beirarrúa ao cruzarse co da *cáscara amarga*, etc. Dá a sensación, con este ritmo lento, de que o tempo parou. E iso é o que pasaba no franquismo: parecía que nunca ía acabar esa ringleira de persecucións, tanto grandes como miúdas, que tanto nos amolaban, pero que parecía que endexamais rematarían. Por iso, acerto indubidable, aínda que algún lector pouco avisado poida considerar que o argumento se desenvolve dun xeito lento e repetitivo nalgúns pasaxes da novela.

Os que gustamos da historia recente de Galicia, ou que simplemente temos certa idade, gozamos tamén coa lectura da novela porque dalgún xeito é unha novela *en clave*. Aparecen moitas institucións e personaxes coñecidos como o grupo Zeltia, a familia dos Fernández e Frigsa, as bodegas Rivera de Barbantes, o bispo Arriba y Castro, Quiroga Palacios e ata os avisos que saían nos xornais da época coa referencia das multas que impoñían as autoridades franquistas por cousas tan graves como *no levantar el brazo cuando la orquesta tocaba el himno nacional, no saludar al ser expuesta la efigie de Su Excelencia el Generalísimo...*

Como adoita ser habitual na novela de Xavier Alcalá, hai que salientar o seu coidado no emprego da lingua e

incluso riqueza, como xa sinalamos cando comentamos hai un ano a primeira novela da triloxía. Viríalle ben a algúns lingüistas e filólogos normativizadores ler a Alcalá. Gústanos neste caso o emprego do artigo determinado cos nomes de persoa, desbotado da lingua galega estándar por normativizadores obsesionados pola uniformidade do estándar e por escritores e profesores de galego que non se atreven a disentir da norma filolóxica. Alcalá emprega o artigo determinado con nomes de persoa e isto gústanos moito aos que no noso rexistro coloquial e espontáneo seguimos este uso, que seica somos moitos en Galicia, se se consultan as páxinas do Atlas Lingüístico de Galicia dedicadas ao asunto, pero que os normativizadores e os seus seguidores botaron fóra do galego estándar, non sabemos moi ben por que. Tamén nos gusta o emprego do artigo *El* no sintagma *El-Señor*. Parabéns para o galego de Alcalá, xa que logo, porque tenta crear unha lingua literaria rica e non acortanada por pexas e obsesións normativizadoras.

Por último, cómpre salientar o prodixioso exercicio de pastiche literario que fai Alcalá ao reproducir o rexistro lingüístico propio dos fascistas españois dos anos corenta: esa irónica reprodución da linguaxe propia do franquismo é unha verdadeira *gozada* para o lector que tivo que soportar os corenta anos de *Cerillita*. Xa que logo, hai que ler esta novela de Alcalá, especialmente agora, cando se vai cumprir o trinta aniversario da morte do tirano da longa noite de pedra.

[mércao en Andel](#)